



## A Pobra do Caramiñal

Manuel M<sup>a</sup>. Durán Guillán, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular neste Concello, presenta para a súa inclusión e debate na vindeira sesión plenaria a seguinte MOCION relativa a incidencia do gas radón na nosa vila.

### Exposición de motivos:

O radón é un gas radiactivo que ten a súa orixe inmediata no radio, e na última instancia, no uranio. A estrutura xeolóxica de Galicia é abundante en granito, que é unha das que máis radón desprende. Este Gas penetra desde o solo por todas as rendixas das casas e polos condutos eléctricos e de saneamento cara o interior das vivendas.

Segundos os estudos feitos nos últimos anos pola Organización Mundial da Saúde, OMS, o gas radón é a segunda causa de cancro de pulmón – entre un 10 e un 12% dos casos- e a primeira en non fumadores. A súa concentración mídese en bequerelios por metro cubico.

Este gas é un factor de risco do cancro Broncopulmonar, pois en fogares con niveis elevados de radon existe mais do dobre de probabilidades de presentar cancro de pulmón. Polo tanto, esta demostrada a transcendencia para a saúde pública do papel do randon domiciliario.

. Basta con ventilar os cimentos das casas, ben con sistemas de ventilación nos sotos ou bodegas ou ben con sistemas de extractores. E, aínda que o aire acondicionado solucionaría o problema considerase que é un despilfarro enerxético e de diñeiro, dada a climatoloxía galega. Os sistemas de ventilación dos cimentos non supoñen un gasto importante, e moito menos nos edificios comunais.

Os responsables do Laboratorio de Randon de Galicia inciden na importancia da prevención. Unha das medidas a ter en conta e ventilar os cimentos das casas, ben con sistemas de ventilación nos sotos ou bodegas ou ben con sistemas de extractores. E, aínda que o aire acondicionado solucionaría o problema considerase que é un despilfarro enerxético e de diñeiro, dada a climatoloxía galega O decreto 262/2007 de 20 de Decembro onde se aproban as normas que debe cumprir o hábitat galego. Nos apartados 1.I.A.1.3 e I.D.2.3.1 do Anexo, adicados á calidade ambiental e sustentabilidade, recollese que: “ terase especial consideración na eliminación da posible contaminación nas vivendas por gas radón”.

A Pobra do Caramiñal

**Por todo o exposto solicitamos ao pleno da corporación:**

2

1. Medición dos índices de gas radon que existen nos edificios públicos de ámbito municipal no concello da Pobra do Caramiñal.
2. Realizar unha campaña informativa sobre os efectos do gas radón, incidencia e posibles efectos, que chegue a todos os fogares do concello, así como dar a coñecer as medidas preventivas.
3. Facer un estudio da incidencia no noso Concello, promover a medición naqueles zoas susceptibles dunha maior incidencia adoptando medidas ecamiñadas a redución da súa repercusión na saúde dos nosos veciños..

  
Manuel Mª Duran Guillán

Concelleiro do Grupo Municipal do PP

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA POBRA DO  
CARAMIÑAL**